

Boletín de Información Cultural de Lugo

VELLO CÁRCERE

-EXPOSICIÓN UN CÁRCERE, UNHA PORTA E UN XARDÍN. Historia do cárcere do Partido Xudicial
-EXPOSICIÓN O VELLO CÁRCERE DE LUGO. DA GUERRA Á POSGUERRA. Memoria histórica da represión franquista en Lugo

-EXPOSICIÓN DENDE O PANÓPTICO. CADA CELA UNHA FIESTRA. Mostra de arte contemporánea

Abertas ó público durante os próximos meses

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

O vello cárcere do Partido Xudicial de Lugo abre as súas portas como centro cultural polivalente chamado a ter unha grande importancia para a cidade e a contorna pola súa beleza e grande interese arquitectónico, pola súa excelente e respectuosa restauración e adaptación ós novos usos e pola súa privilexiada situación na Praza da Constitución, xunta a muralla, en fronte da porta do Campo Castelo. O horario xeral de apertura do centro é o seguinte:

Martes e mércores: 11:00 a 14:00 e de 17:30 a 20:30 / **Xoves e venres:** de 11:00 a 14:00 e de 17:30 a 23:00

Sábados: de 11:00 a 14:00 e de 17:30 a 22:30 / **Domingos:** de 11:00 a 14:00 e de 17:30 a 20:30

MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO

EXPOSICIÓN: DÍPTICOS, dos alumnos do curso de fotografía para principiantes impartido por Alfredo Bongiani en ElbigotedeLaGioconda

Datas: A partir do 8 de setembro

Horario: Martes a sábado, 11:00-13:30 e 17:00-19:30 / Domingos, 17:00-20:00 / Luns pechado

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO / REFECTORIO

ESCOLMA. Exposición de pintura de Randolfe Vilariño

Datas: Ata o 15 de outubro

Horario: Luns a venres 11:00-14:00 e 17:30-20:30; sábados 10:30-14:00 e 16:30-20:00; domingos e festivos 11:00-14:00

Organiza: Rede Museística Provincial de Lugo

CAPELA DE SANTA MARÍA

EXPOSICIÓN A FOLIADA. Montaxe de esculturas de Xoán Vila

Datas: Ata o 17 de setembro

Horario: Luns a venres, 10:30-14:00 e 17:00-20:00 / Sábados, domingos e festivos, 11:00-14:00 e 16:30-20:00

Organiza: Centro de Artesanía e Deseño da Deputación de Lugo

SALA DE EXPOSICIÓN DO PAZO DE SAN MARCOS

EXPOSICIÓN ASPNAIS 50 ANOS. Imaxe e palabra / A expresión áurea / As árbores / Escultura / Pintura e debuxo

Datas: Ata o 25 de setembro

Horario: Luns a venres 11:00-14:00 e 17:30-20:30 // Sábados 10:30-14:00 e 16:30-20:00 // Domingos e festivos 11:00-14:00

Organiza: Rede Museística Provincial de Lugo

VELLO CÁRCERE / PROGRAMA DE VISITAS GUIADAS

Xoves e venres, de 18:00 a 21:00 / Sábados e domingos, de 11:30 a 13:30 e de 18:00 a 20:00

As prazas son limitadas (25-30 persoas), polo que hai que inscribirse previamente na recepción do Vello Cárcere ou no teléfono 982 297 195

CASA DAS INSUAS - ASOCIACIÓN GALEGA DE CUSTODIA DO TERRITORIO

Ferramentas cartográficas dixitais para naturalistas, impartido por Martiño Cabana- Universidade da Coruña / AGCT / Atlas de Anfíbios e Réptiles / Libélulas de Galicia

Celebrarase o sábado 9 de setembro de 11:00 a 14:00 na Casa das Insuas de Rábade

Inscripcións e información en www.custodiadoterritorio.org/actividades / custodiadoterritorio@gmail.com / T 630 94 82 93

Actividade financiada pola Deputación de Lugo – Terras do Miño, e coa colaboración do Concello de Rábade

PASEOS ARTÍSTICOS POLO CAMIÑO PRIMITIVO EN LUGO

Dentro do programa ÁGORA CULTURAL deste verán, organizado polo Concello de Lugo e a Deputación de Lugo, celebraranse os "Paseos artísticos polo Camiño Primitivo", que terán lugar os sábados, con saída ás 18:00 horas desde a praza do Campo. A súa duración será de aproximadamente dúas horas e rematarán na Ponte Vella.

O obxectivo é descubrir o Camiño Primitivo desde unha perspectiva artística. Os paseos converteranse nun reto creativo para os participantes, que coa súa cámara fotográfica ou dispositivo alternativo poderán tomar imaxes coas que logo se creará un álbum colectivo na rede social Pinterest de recordo. As persoas participantes poden enviar a este enderezo electrónico as fotos dos paseos: info@orbitacultural.com

O calendario restante é o seguinte: SETEMBRO, sábado día 9

Como as prazas son limitadas, hai que inscribirse previamente na Oficina Municipal de Turismo (praza do Campo, 11), ou por teléfono no 982 251 658, onde tamén se poderá pedir máis información.

XXXIX SEMANA INTERNACIONAL DE CINE DE AUTOR DE LUGO

O luns 18 de setembro empezará a Semana Internacional de Cine de Autor, que será presentada oficialmente o próximo día 11. Co boletín do próximo venres enviaremos o programa completo

INAUGURACIÓN EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA NO MIHL

Data: Venres 8 de setembro

Hora: 19:00

Acto: Inauguración da exposición *Dípticos* dos alumnos do curso de fotografía para principiantes impartido por Alfredo Bongiani en ElbigotedeLaGioconda

Lugar: Museo Interactivo da Historia de Lugo - MIHL

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

CONCERTO NO CLAVI

Data: Venres 8 de setembro

Concerto: Deep Mind // Jazz / rock

Hora: 23:30

Lugar: Club Clavicémbalo

Entradas: No local

CONCERTO NO CLAVI

Data: Sábado 9 de setembro

Concerto: Devil's Gun / Sweden

Hora: 22:45

Lugar: Club Clavicémbalo

Entradas: No local

EXCURSIÓN POLAS TERRAS DE AUGA E CULTURA / ARQUITECTURA

Data: Domingo 10 de setembro

Excursión: *Dende o santuario rural ata o século XIX* / A Feira, Penas de Rodas, Rábade / 13 km, dificultade media, non accesible con cadeira de rodas / Xantar de campo ou en restaurante

Lugar de saída: Parada do bus urbano de diante do Seminario Maior (rúa Anxo López Pérez)

Hora de saída: 10:30.

Inscripción: Oficina Municipal de Turismo, Praza do Campo, 11, tf 982 251 658, ata as 14:00 do día anterior á excursión (Máximo, 35 persoas)

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

CONFERENCIA LUGOPATRIMONIO

Data: Martes 12 de setembro

Hora: 20:00

Conferencia: *Facer as Américas: Pedro Murias*, por Ana Cabana, profesora de Historia Contemporánea da USC

Lugar: Salón de actos da Deputación Provincial

Organiza: LugoPatrimonio

Nota: de 19:00 a 20:00, anotación para as viaxes do 16 de setembro á Ría de Ribadeo, e do 28 e 29 de outubro a "Las edades del Hombre" (Cuéllar) e Valladolid

VELLO CÁRCERE. PRESENTACIÓN DO LIBRO *TOPONIMIA DO CONCELLO DE LUGO* POR CARLOS VÁZQUEZ

Data: Mércores 13 de setembro

Hora: 20:00

Libro: *Toponimia do Concello de Lugo*, de Carlos Vázquez García, publicado polo Concello de Lugo

Lugar: Vello Cárcere

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo

O libro Toponimia do Concello de Lugo é a tese de doutoramento de Carlos Vázquez, e vén encher un gran baleiro na bibliografía sobre Lugo, pois ata o momento carecíamos dun estudo de conxunto dos nomes dos lugares do noso extenso termo municipal. Case catrocentos topónimos da cidade e das parroquias son estudados, documentados e cientificamente dilucidados por un lucense de adopción, nativo de Monterroso, que ten ofrecido xa outras notables contribucións neste importante eido do saber histórico e filolóxico.

CONCERTO NA CASA DO SABER

Data: Venres 15 de setembro

Hora: 20:30

Lugar: Casa do Saber

Concerto: GINTONIC / Mario Clavell Larrinaga – fruta e EWI / Aurkene Núñez - teclados e voz / Ricardo Cantera - batería / Marcelo Hormaechea - baixo eléctrico

Entrada: Libre ata completar a capacidade

Organiza: USC

CONCERTO NO CLAVI

Data: Venres 15 de setembro

Concerto: A volta do Agro

Hora: 23:30

Lugar: Club Clavicémbalo

Entradas: No local

CONCERTO NO CLAVI

Data: Sábado 16 de setembro

Concerto: Noite de metal. Lapsus Mentis / Thrash metal / Vigo + Malasombra / Metal / A Coruña + Vrásica / Hard rock / Lugo

Hora: 23:45

Lugar: Club Clavicémbalo

Entradas: No local

EXCURSIÓN POLAS TERRAS DE AUGA E CULTURA / NATUREZA

Data: Domingo 17 de setembro

Excursión: *Ruta da Marronda* / Pola fraga da Marronda, o bosque de faias máis occidental de Europa / 17 km / Xantar de campo

Lugar de saída: Parada do bus urbano de diante do Seminario Maior (rúa Anxo López Pérez)

Hora de saída: 10:30.

Inscripción: Oficina Municipal de Turismo, Praza do Campo, 11, tf 982 251 658, ata as 14:00 do día anterior á excursión (Máximo, 35 persoas)

Organiza: Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo
